

**MAIORES DE 25 ANOS-2025**  
**PROBA DE INGLÉS**  
**CRITERIOS DE CORRECCIÓN**

Os dous aspectos principais a valorar serán a comprensión e a expresión escrita. Valorarase o nivel de comprensión (total ou parcial) do texto, e a capacidade do alumno para transmitir a súa mensaxe de forma efectiva utilizando estruturas gramaticais correctas.

- Unha comprensión total do texto xunto cunha expresión gramatical correcta obterá a máxima puntuación, sempre que isto vaia acompañado dun léxico apropiado, tanto ao tema como ao contexto, e que se utilice vocabulario variado e persoal, non limitándose ao que aparece no texto.
- Se existe unha comprensión total do texto, pero a expresión non é gramaticalmente correcta, faranse as deducións oportunas dependendo da importancia e do número de erros que se cometan na mesma pregunta.
  - Os erros gramaticais e de expresión básicos (concordancia, orde de palabras, fallos na formación de estruturas básicas como interrogativas ou negativas, etc.) serán penalizados de forma considerable.
  - Os erros ortográficos puntuaranse negativamente en base ó número e importancia de cada un deles (serán máis graves os cometidos en palabras básicas, e teranse menos en conta aqueles que aparezan en palabras non tan habituais e cuxo uso demostre un coñecemento amplo do léxico e supoña un maior risco para o alumno).
  - Como criterio xeral penalizarase cunha décima cada erro ortográfico en palabras básicas. Un erro repetido na mesma palabra só se penalizará unha vez.
  - Se se transcriben literalmente fragmentos do texto como resposta a algunha das preguntas, aínda que o devandito fragmento estea relacionado co contido da pregunta, valorarase cunha puntuación **máxima** de 0.5. (A puntuación non ten que ser necesariamente 0.5; pode ser inferior).
- Se a comprensión é parcial a puntuación da pregunta verase reducida de acordo coa gravidade da falla de comprensión.
- Se non hai comprensión algunha, a pregunta non pode ter ningún tipo de valoración positiva.